



**3**

**PRIMARIA**

**Lingua**

**Unidade cero**

**Avaliación inicial**



# Índice

---

• <b>Introducción</b> .....	<b>4</b>
• <b>Unidade cero</b> .....	<b>6</b>
• <b>Proba de avaliación inicial de contidos</b> .....	<b>23</b>
• <b>Solucións</b> .....	<b>28</b>

Unidade cero

Avaliación inicial

## Importancia e aplicación da avaliación inicial

### Finalidade da avaliación inicial

A avaliación inicial converteuse nunha ferramenta indispensable para comezar un curso. Con ela conseguimos:

- Coñecer a traxectoria educativa do alumnado, así como algúns trazos ou características singulares de cada un deles.
- Obter unha información xeral e particular do grupo que lle permita ao docente coñecer realmente o punto de partida en que se atopa o alumnado nos distintos coñecementos e destrezas.
- Ofrecer ao profesorado información abonda para a adopción das oportunas medidas de atención á diversidade do alumnado, xa sexan con carácter xeral, para aplicar ao grupo ou nivel educativo, ou con carácter individual, para aplicar a alumnos ou alumnas concretos.
- Realizar os oportunos axustes e adaptacións das programacións didácticas.

### **A avaliación inicial permite coñecer o alumnado e ofrecer unha práctica educativa máis eficaz, flexible e adaptada.**

As diferentes normativas autonómicas adoitan incidir especialmente na avaliación inicial, recomendando uns criterios de aplicación que adoitan coincidir nos seguintes puntos:

- 1.** Durante o primeiro mes do curso escolar, os titores e as titoras realizarán unha avaliación inicial do alumnado. Esta avaliación incluírá a análise dos informes persoais dos alumnos e das alumnas do seu grupo, correspondentes ao curso ou ciclo anterior. Estes informes completaranse con outros datos obtidos polo propio titor ou pola titora sobre o punto de partida desde o que o alumno ou a alumna inicia as novas aprendizaxes.
- 2.** Esta avaliación inicial será o punto de referencia do equipo docente para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo e para a súa adecuación ás características do alumnado.
- 3.** Como consecuencia do resultado da avaliación inicial, o equipo docente adoptará as medidas pertinentes de apoio, reforzo e recuperación para os alumnos e as alumnas que o precisen, así como de adaptación curricular para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

## Que proporciona este documento?


Este documento contén un material que denominamos «Unidade cero», que inclúe:

- Documentación necesaria para activar no alumnado os coñecementos e as destrezas traballados con anterioridade. Así, ofrécense resumos cos aspectos fundamentais de cada bloque de contidos que o alumnado debería coñecer ata o momento grazas ao seu traballo en cursos anteriores.
- Unha batería de actividades que axudarán o alumnado a recordar e a exercitar esas aprendizaxes xa adquiridas.
- Unha proba de avaliación de contidos para completar dun xeito máis preciso o coñecemento por parte do docente do nivel de contidos e destrezas con que contan os alumnos e as alumnas que se incorporan ao novo curso.





**Unidade cero**



## Comezamos o terceiro curso de Lingua

Durante o curso pasado, na clase de Lingua aprendiches moitas cousas. Algunhas das máis importantes son estas:

- Traballar co abecedario e ordenar palabras alfabeticamente.
- Recoñecer as letras, as sílabas, as palabras e a oración.
- Recoñecer os nomes, os adxectivos e os verbos nunha oración.
- Diferenciar nomes comúns e propios, individuais e colectivos e determinar cal é o seu xénero e o seu número.
- Recoñecer e buscar palabras sinónimas e antónimas.
- Recoñecer palabras pertencentes á mesma familia de palabras.
- Formar e recoñecer palabras compostas e derivadas.
- Aprender regras ortográficas como o uso da maiúscula e do punto, a coma, os signos de interrogación e exclamación, o guión, e o uso dalgunhas letras.
- Traballar con contos, poesías, adiviñas, frases feitas...

Agora ímosche axudar a lembrar algunhas desas aprendizaxes para que comeces o curso coa mente chea de ideas.

## Lembra

### A LETRA

As palabras están formadas por letras.

O conxunto das letras chámase abecedario.

As letras a, e, i, o, u son vogais e as outras son consoantes.

## Practica

1. Escribe os nomes seguintes e anota cantas letras ten cada un.

A




.....

B



.....

C



.....

2. Cámbialles as vogais ás seguintes palabras e escribe as palabras resultantes.

conto

.....

cear

.....

bater

.....

3. Elimina unha letra en cada palabra e forma palabras novas coma no exemplo.

A M O X

X A R

R A

M A L O

.....

.....

S E L A

.....

.....



## Lembra

### A SÍLABA E A PALABRA

As palabras pronúnciamolas con golpes de voz. Cada golpe de voz é unha sílaba.

As palabras están formadas por unha, dúas, tres ou máis sílabas.

## Practica

### 1. Escribe os nomes destacados separando as súas sílabas.

Unha **vez** eran tres irmás **princesas** chamadas Aldonza, Fabiana e Drusila. Vivían nunha **vella** torre que herdaran de seu pai. As tres vivirían en harmonía, se non fose polo **cabaleiro** Bernal.

*Tres princesas namoradas, Ánxeles Ferrer (adaptación)*

.....

.....

### 2. Clasifica as palabras anteriores segundo o número de sílabas e engade outras palabras para completar a táboa:

1 sílaba	2 sílabas	3 sílabas	4 sílabas
.....	.....	.....	.....
.....	.....	.....	.....
.....	.....	.....	.....

### 3. Forma polo menos cinco palabras usando as sílabas seguintes:

ma

za

sa

pa

ca

to

.....

.....

## Lembra

### A ORACIÓN

Unha **oración** é un conxunto de palabras colocadas nunha orde determinada e que teñen sentido completo.

As oracións sempre comezan con letra **maiúscula** e terminan con **punto**.

## Practica

### 1. Copia e completa o que falta nas seguintes oracións.

a. O meu can move o ..... moi rápido cando me ve.

.....

b. No noso ..... de baloncesto xogamos todos.

.....

c. Papá, xa ..... o bocadillo todo!

.....

### 2. Escribe unha oración para cada unha das imaxes.

A



.....

.....

.....

B



.....

.....

.....

C



.....

.....

.....

### 3. Escribe tres ou catro oracións para presentarte.

.....

.....

.....

## Lembra

### NOMES, ADXECTIVOS E VERBOS

Os **nomes** son as palabras que utilizamos para designar as persoas, os animais, as plantas..., ou as cousas.

Os **adxectivos** son as palabras que indican como son as persoas, os animais, as plantas..., ou as cousas.

Os **verbos** son palabras que indican as accións que realizan as persoas, os animais, as plantas..., ou as cousas.

## Practica

1. Le o texto con atención e fíxate nas palabras destacadas.

Os **visitantes** só poden acceder ao **Parque** desde o mar. Existen **casetas** de información nas Illas Cíes e Ons. Os **mariñeiros** de poboacións próximas levan séculos pescando nas súas augas especies como a nécora ou o **polbo**. O feo de praia e a **cebola** das gaivotas son especies vexetais representativas.  
[www.parquenacionaldasillasatlanticas.com](http://www.parquenacionaldasillasatlanticas.com)



2. Completa a táboa cos nomes da actividade anterior.

Persoas	Animais, plantas...	Cousas
.....	.....	.....
.....	.....	.....

3. Completa cada oración cun verbo e cun adxectivo.

– Os mariñeiros..... polbos.....

– As Illas Cíes..... un lugar.....

## Lembra

### NOMES COMÚNS E PROPIOS, COLECTIVOS E INDIVIDUAIS

Os **nomes comúns** nomean calquera persoa, animal, obxecto ou lugar e os **nomes propios** nomean unha persoa, animal, obxecto ou lugar concreto, diferenciándoo dos demais.

Os **nomes colectivos** refírense a un conxunto de cousas e os **nomes individuais** a unha única cousa.

## Practica

### 1. Completa as oracións cun substantivo común e outro propio.

- O noso ..... chámase ..... e miaña mainiño.
- A miña ..... ten 5 anos e vive en .....
- A Coruña é unha ..... que está en .....
- ..... e os sete ananiños é un ..... moi coñecido.

### 2. Escribe o nome individual ou colectivo que corresponda.

- abecedario: ..... paxaro: .....
- equipo: ..... ovella: .....
- enxame: ..... carballo: .....

### 3. Anota o nome colectivo que reciben os seguintes grupos.

A



.....

B



.....

C



.....

## Lembra

### O ARTIGO E O DEMOSTRATIVO

Os artigos son as palabras que van diante do nome e que o determinan ou concretan.

Os demostrativos son as palabras que expresan a distancia entre a persoa que fala e aquilo ao que se refire.

## Practica

1. Inventa un título para cada imaxe e usa nos tres casos un artigo.

A



B



C



.....

2. Une cada cartel cun obxecto tomando como referencia a moza da esquina.

aquel



esas

este

3. Completa as oracións cos artigos e cos demostrativos que cumpra.

– ..... neno de alá arriba ten ..... pelo longo e negro.

– ..... xogadora da camiseta amarela é ..... curmá de Sabela.

## Lembra

### SINÓNIMOS E ANTÓNIMOS

As palabras **sinónimas** teñen un significado semellante.

As palabras **antónimas** teñen significados contrarios.

## Practica

1. Escribe un sinónimo de cada palabra e úneo co seu antónimo.

ledo: .....

lonxe


aseado: .....

triste

preto: .....

sucio

2. Subliña os adxectivos e despois reescríbeo cambiándoos polos antónimos: **fino, aburrido, claro, groso, escuro, habitual, horrible.**



Carla trouxo á escola un bolígrafo estupendo. Ten unha tinta máxica! Escribe cun trazo moi groso e escuro pero, ao pasar pouco tempo, o trazo vólvese claro e fino e xa non se entende nada. É moi divertido escribir mensaxes con el. Rimos moito!

.....

.....

.....

.....

3. Risca a palabra que sobra en cada serie.

fermoso - bonito - feo - belido - belo

breve - pequeno - cativo - longo - curto

## Lembra

### FAMILIA DE PALABRAS

Algunhas palabras teñen unha parte común e pertencen á mesma familia de palabras. Por exemplo, *tella, tellado, rete-llar, telleiro* son da mesma familia.

## Practica

1. Rodea a parte que teñen en común estas palabras que son da mesma familia.

pelo

peluxe

peludo

pelame

peluche

2. Escribe catro palabras de cada unha das seguintes familias:

A



B



C





a. ....

b. ....

c. ....

3. Une a parte común con diferentes formas e anota as palabras.



.....

.....

.....

.....

## Lembra

### DIMINUTIVOS E AUMENTATIVOS

Os diminutivos indican tamaño pequeno. Fórmanse ao engadir **-iño, -iña...**

Os aumentativos indican tamaño grande. Fórmanse ao engadir **-aza, -azo, -ón, -ona...**

## Practica

1. Le a descrición e escribe o diminutivo das palabras destacadas.

A miña **gata** é **cativa**, está algo **fraca** e ten o **pelo branco**. Os seus **ollos** están sempre **contentos** e fai moita compañía.



.....

.....

2. Escribe aumentativos das palabras: tormenta, botón, gorro, bóla.

.....

3. Escribe un diminutivo e un aumentativo dos nomes das construcións e anota os que propuxeron outros compañeiros.

A



.....

.....

B



.....

.....

C



.....

.....



## Lembra


### PALABRAS DERIVADAS E PALABRAS COMPOSTAS

As palabras derivadas fórmanse engadindo partículas como **-eiro, -al, -ción** ou **-oso** a algunhas palabras.

As palabras compostas fórmanse a partir da unión de dúas ou máis palabras simples.

## Practica

1. Escribe os nomes e rodea de azul os que son palabras derivadas e de vermello os que son compostas.



2. Escribe algunhas palabras compostas que conteñan estas palabras.

limpa: .....

para: .....

salva: .....

abre: .....

3. Engádelles **-eiro/a, -al** ou **-oso** ás palabras seguintes e forma todas as palabras novas que poidas.

ollo

bruma

ferro

cabeza

## Lembra

Lembra as regras ortográficas que aprendiches sobre:

- O punto e a maiúscula.
- Os signos de interrogación e de exclamación.
- Letras como: c, z, g, gu, gü, br, bl, fr, fl, nh, mp, mb...

## Practica

### 1. Completa o texto cos puntos que falten e coas maiúsculas.

\_ meu mellor amigo chámase Marco\_ \_empre fomos xuntos á escola e sempre nos levamos moi ben\_ \_s nosos pais tamén se coñecen e as nosas nais chámanse María, as dúas\_ \_u pensaba que era unha casualidade grandísima, pero resulta que é un nome moi popular\_ \_oitas rapazas na nosa escola chámanse María pero Marco e eu seguimos pensando que é estupendo\_

### 2. Escribe de novo abaixo as palabras que deban levar maiúscula.

marco      nome      escola      atlántico      galicia      monte  
chispas      maría      miño      xogador      mestra      aniversario

.....  
.....

### 3. Completa co signo de interrogación ou de exclamación.

- Que bonito\_ Que ben che está quedando\_  
—Ti cres\_  
—Si, encántame\_  
—Alégrome\_ É para ti\_  
—De verdade\_  
—Si\_ Felicidades\_



#### 4. Completa o texto coas letras mp, mb, gr, tr, dr ou nh.

U\_\_a vez escoitei unha historia que me deixou aso\_\_rado e cos pelos de punta. Non era dun \_\_agón \_\_ande e terrible, nin dun o\_\_o xigante... era dun \_\_asno rabudo, \_\_agón e malo coma a peste! O \_\_asno andaba a roubar bo\_\_óns e larpeiradas polas casas e deixaba sen la\_\_onadas a todos os rapaces da vila onde ca\_\_aba. Despois, agachábaos nun ca\_\_o ou entre algu\_\_a silva, para comelos cando lle petaba. A min non me fixo \_\_aza, porque eu ser sonche ben la\_\_ón!



#### 5. Elixe e completa coa letra ou letras que faltan.

**z - c**

\_\_ocas  
\_\_ume  
ra\_\_ón  
\_\_into  
\_\_ereixa  
\_\_entola

**g - gu**

\_\_usto  
\_\_epardo  
\_\_isar  
\_\_oma  
re\_\_ador  
vo\_\_al

**br -bl**

\_\_usa  
a\_\_ir  
\_\_oque  
o\_\_a  
\_\_azo  
ca\_\_e

**pr - pl**

\_\_azo  
\_\_anta  
a\_\_auso  
\_\_aia  
so\_\_ido  
\_\_uma

**cr - cl**

\_\_iar  
\_\_avo  
a\_\_arar  
\_\_ave  
\_\_ema  
\_\_ase

**fr - fl**

\_\_auta  
\_\_an  
\_\_oita  
\_\_orería  
a\_\_icano  
in\_\_ar

## Lembra

Lembra os contos, cancións, adiviñas, frases feitas e poesías que liches e cos que aprendiches moitas cousas.

## Practica

### 1. Le o comezo desta historia.

Unha leiteira moi feliz levaba na cabeza unha sella de leite acabado de muxir e camiñaba soñando esperta. «Como este leite é moi bo, dará moita nata. Baterei a nata e farei manteiga branca e saborosa, que me han pagar moi ben no mercado...»



### 2. Como se titula este conto? Escríbeo.

.....

### 3. Lembras como continúa e como remata a historia? Fai un resumo.

.....

.....

.....

### 4. Imaxina un final feliz para esta historia e escríbeo.

.....

.....

## 5. Le a poesía en voz alta.

O foguete sobe ao ceo  
coma un raio.  
Perde forza e cae ao chan  
nun desmaio.

Mais a cana do foguete  
cae de plano.  
Que aguillada de xoguete!  
Que galano!

Manuel María

O foguete chega ás nubes!  
Que bravura!  
Que de estalos! Que ruído!  
Pouco dura!



## 6. Completa os versos coas palabras que lle faltan.

ningún

común

profesor

honor



Só lle conto tres folliñas  
ao trevo máis .....  
ando buscando un de catro  
e non lle atopo .....

O xirasol é un alumno  
de matrícula de .....,  
non saca o ollo de enriba  
ao sol, que é o .....



picas

ricas

percusión

revolución



Nas silveiras xunta o río  
haiche unhas amoras .....,  
mete a man sen coidado  
e verás como te .....

Os fermosos estalotes  
montan a .....,  
nós aforramos petardo  
con tan linda .....



Yolanda Castaño, *Verdades*





# **Proba de avaliación inicial de contidos**

## 1. Sabes o que teñen en común as palabras seguintes?

galiñeiro

cortello

abellariza

tobeira

aniñadoiro

Todas son nomes de lugares onde .....

## 2. Le con atención e responde as preguntas da ficha:

Uxía e o seu pai pasaban as vacacións nunha tranquila aldea.

—Papá, eu abúrrome —dicialle Uxía ao seu pai, o profesor Viraventos.

—Pero filla, con este aire tan puro...

—Xa sei, xa sei, pero ti pasas o día no laboratorio, e eu o único que fago é coidar do galiñeiro.



Unha tarde, o pai esqueceu pechar a porta do laboratorio. As galiñas, que sempre andaban soltas pola horta, entraron e comezaron a peteirar aquí e alá.

Ao día seguinte, Uxía levou unha gran sorpresa.

—Papá, mira! —chamou a rapaza—. Estes ovos son enormes e de moitas cores! O profesor examinou os ovos.

—Por dentro sonche coma calquera ovo, coa súa xema e a súa clara —dixo extrañado.

Parecían normais, pero... O luns escachou o primeiro ovo e saíu unha galiña vermella que facía enormes burbullas de xabón. Uxía e seu pai quedaron atrapados nelas, flotando por todo o cuarto.

Marta Álvarez, *Como está o galiñeiro!*. Ed. Xerais (adaptación)



Quen son os protagonistas? .....



Que lle pasaba a Uxía? .....



Onde peteiraron as galiñas? .....



Que sucedeu cando escachou o ovo? .....



**3. Escribe en orde alfabética as palabras seguintes:**

filla, laboratorio, horta, gran, examinou, xema, cuarto.

.....

**4. Separa as sílabas das palabras seguintes:**

rapaza: ..... luns: .....

cores: ..... laboratorio: .....

escachou: ..... clara: .....

**5. Clasifica as palabras anteriores polo número de sílabas e engade ti outras dúas máis en cada caso:**

Unha sílaba: .....

Dúas sílabas: .....

Tres sílabas: .....

Máis de tres sílabas: .....

**6. Busca palabras no texto que cumpran estas condicións e escríbeas.**

Con **tr**: .....

Con **nh**: .....

Con **pr**: .....

Con **qu**: .....

Con **z**: .....

Con **cl**: .....

En plural: .....

En singular: .....

En feminino: .....

En masculino: .....

Nome e apelidos: \_\_\_\_\_

**7. Escribe palabras que signifiquen o contrario ca:**

tranquila: ..... puro: .....

pechar: ..... soltas: .....

**9. Indica se as seguintes palabras son nomes, adxectivos ou verbos:**

luns: ..... vermella: .....

cuarto: ..... coidar: .....

pasar: ..... aburrirse: .....

estrañado: ..... xema: .....

**9. Escribe unha oración que conteña cada un destes verbos:**

escachar:.....

flotar: .....

dicir: .....

**10. Uxía facíase cargo das galiñas na casa. Que outros animais domésticos se adoita ter nas casas? Anota polo menos cinco.**.....  
.....**11. Ordena as palabras para formar unha oración. Despois, rodea os verbos, subliña os adxectivos e marca cunha frecha o substantivo a que se refiren.**

grande ovo Do galiña saíu unha vermella.

.....

día Uxía levou sorpresa Un unha fantástica.


.....

traballaba nun O laboratorio profesor desordenado.

.....

## 12. Imaxina un final para esta historia.

- Conseguiron saír da burbulla Uxía e o seu pai?
- Acudiu algún veciño axudalos e envolveuse tamén no enredo?
- Faríanse famosos os ovos e as galiñas fantásticas de Uxía?



A large purple rectangular area with a spiral binding on the left side, containing horizontal dotted lines for writing.

## Unidade cero

### A letra

- a. médico: 6 letras  
b. estoxo: 6 letras  
c. xilófono: 8 letras
- conto: cinta, canta  
cear: caer  
botar: bater
- AMOR, MAR, RA  
MALO, OLA, LA  
SELA, ELA, EL

### A sílaba e a palabra

- a. vez  
b. prin-ce-sas  
c. ve-lla  
d. ca-ba-lei-ro

2.

1 sílaba	2 sílabas	3 sílabas	4 sílabas
vez	vella	princesas	cabaleiro
Resposta libre	Resposta libre	Resposta libre	Resposta libre

- Resposta libre. Por exemplo: mazá, mapa, zapato, capa, toma, pasa, casa, saca, coma...

### A oración

- a. O meu can move o rabo moi rápido cando me ve.  
b. No noso equipo de baloncesto xogamos todos.  
c. Papá, xa comín o bocadillo todo!
- Resposta libre. Suxestións: Está prohibido usar o teléfono; Pódese cruzar a rúa; O director dirixe a orquestra.
- Resposta libre.

### Nomes, adxectivos e verbos

- Completar a táboa:

Persoas	Animais, plantas...	Cousas
visitantes mariñeiros	polbo cebola	parque casetas

- Resposta libre. Suxestións: Os mariñeiros pescan polbos enormes; As Illas Cíes parecenme un lugar marabilloso.

### Nomes comúns e propios, colectivos e individuais

- Resposta libre. Suxestións: O noso gato chámase Chispa e miña mainiño; A miña curmá ten cinco anos e vive en Ribadeo; A Coruña é unha cidade de Galicia; Brancaneves e os sete ananiños é un conto moi coñecido.
- abecedario - letras  
equipo - xogador  
exame - abella  
paxaro - bandada  
ovella - rabaño  
carballo - carballeira
- a. grupo  
b. vaixela  
c. banco

### O artigo e o demostrativo

- Resposta libre. Suxestións: O cabalo negro; O paraugas rechamante; O cogomelo colorado.
- Resposta libre. Suxestións: Este home; ese cadro; aquel cadro e aquelas rapazas.
- Resposta libre. Suxestións: Aquel neno de alá arriba ten o pelo longo e negro; Esa xogadora da camiseta amarela é a curmá de Sabela.

## Sinónimos e antónimos

1. Ledo: contento, alegre - triste  
aseado: limpo, pulcro - sucio  
preto: cerca - lonxe
2. Subliñar os adxectivos: **estupendo, extraordinaria, grosso, escuro, claro, fino, divertido**.  
O texto quedaría como segue:  
Carla trouxo á escola un bolígrafo horrible. Ren unha tinta habitual. Escribe cun trazo moi fino e claro pero, ao pasar tempo, o trazo vólvese grosso e escuro e xa non se entende nada. É moi aburrido escribir mensaxes con el. Rimos moito!
3. Sobran as palabras **feo e longo**.

## Familia de palabras

1. Teñen en común **pel-**.
2. pan - panadeiro, panadería, panceiro, empanada, empanar...  
campá - campaiña, campaneiro, acampando, campanario...  
libro - librería, libreiro, libresco, libreto...
3. caseiro  
casal  
casona  
casucha

## Diminutivos e aumentativos

1. gatiña, cativiña, fraquiña, peliño, branquiño, olliños e contentiños.
2. tormentaza ou tormentona, botonazo, gorrazo e bolaza ou bolona.
3. Resposta libre. Suxestións: casiña, casucha, casaza, casona; pontiña, pontica, pontucha, pontona, pontaza; parquiño, parcucho, parcazo...

## Palabras derivadas e palabras compostas

1. a. chaveiro (derivada)  
b. cempés (composta)

- c. floreiro (derivada)
- d. xirasol (composta)
- e. videoxogo (composta)
- f. bañeira (derivada)

2. Respota libre. Suxestións:  
**limpa:** limpacristais, limpaparabrisas, limpabotas, limpachemineas...  
**salva:** salvavidas, salvamanteis, salvagarda...  
**para:** parachoques, paracaídas, paraventos, parasol, paralamas, pararraios...  
**abre:** abrelatas, abrebotellas, abre bocas, abrecartas...
3. Respota libre. Suxestións:  
**ollo:** olleira, ollal.  
**bruma:** brumeiro, brumoso.  
**ferro:** ferreiro, ferreira, ferroso.  
**cabeza:** cabeceiro, cabeceira, cabezal.

## Regras ortográficas

1. **O** meu mellor amigo chámase Marco. Sempre fomos xuntos á escola e sempre nos levamos moi ben. **Os** nosos pais tamén se coñecen e as nosas nais chámanse María as dúas. **Eu** pensaba que era unha casualidade grandísima, pero resulta que é un nome moi popular. **Moitas** rapazas na nosa escola chámanse María, pero Marco e eu seguimos pensando que é estupendo.
2. Deben levar maiúscula: **Marco**, **Atlántico**, **Galicia**, **Chispas**, **María**, **Miño**.
3. —Que bonito! Que ben che está quedando!  
—Ti cres?  
—Si, encántame!  
—Alégrome! É para ti!  
—De verdade?  
—Si! Felicidades!!
4. Unha, asombrado, dragón, grande, ogro, trasno, tragón, trasno, bombóns, lambonadas, cadraba, campo, algunha, graza, lambón.
5. **z-c:** zocas, zume, razón, cinto, cereixa, centola.  
**g-gu:** gusto, guepardo, guisar, goma, regador, vogal.





**Contidos:** Luz Cures.

**Créditos fotográficos:** Arquivo Anaya (Cosano, P.; Martín, J. A.; Rivera Jove, V.), 123RF.

As **normas ortográficas** seguidas neste material son as establecidas pola Real Academia Galega nas *Normas ortográficas e morfolóxicas*, publicada no ano 2003.

As nosas publicacións manteñen o rigor no uso e na selección dos contidos, nas imaxes e na linguaxe, para cumprir coa **non-discriminación** por razón de sexos, cultura ou opinión.